



BANDO DE ALCALDÍA

FOGUEIRAS SOLSTICIO DE VERÁN

María José Pernas Díaz, alcaldesa accidental do concello de Cedeira:

FAI SABER:

Que con motivo da celebración da chegada do solsticio de verán, para poder acender as tradicionais fogueiras de San Xoán e San Pedro, deberase solicitar a correspondente autorización previa municipal, dende o día 2 de xuño de 2026 ata as 14:00 h do 16 de xuño de 2026, no Rexistro Xeral do Concello ou a través da Sede Electrónica do Concello.

Queda prohibido acender fogueiras: na praia, dunas, espazos públicos (prazas, parques, paseos...), vías ou zonas asfaltadas; baixo tendido eléctricos ou telefónicos, preto a depósitos de produtos inflamables ou infraestruturas que poidan verse afectadas polo lume; próximas a edificacións ou masas forestais e/ou outras zonas susceptibles de causar lume incontrolado.

Así mesmo, deberán adoptarse as seguintes medidas de protección:

- Non se realizarán fogueiras se as condicións meteorolóxicas puidesen dificultar o seu control.
- As fogueiras deberán realizarse nun lugar despexado, no que nin as laparadas nin as faíscas poidan acadar vexetación ou edificios.
- Só se poderá empregar material vexetal como combustible.
- Disporase de medios de extinción suficientes de acordo á magnitude da fogueira.
- Disporase dunha caixa de primeiros auxilios especialmente equipado para queimaduras.
- Non se abandonará a vixilancia das fogueiras ata que o lume estea completamente apagado.
- Ao remate da fogueira deberán recollerse os restos e deixar a zona limpa e acondicionada, sendo responsable a persoa que solicita a autorización.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

En Cedeira, a 2 de xuño de 2026.

A alcaldesa accidental.

María José Pernas Díaz.